

Axuda/Subvención: Axudas para mulleres que sofren violencia de xénero.

Organismo: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Requisitos das solicitantes:

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia.
 - b) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
 - c) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou seren estes de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que, reunindo estes requisitos, percibisen esta axuda con anterioridade.

Contía das axudas: A contía que poderá alcanzar esta axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2010 e calcularase de acordo coas seguintes especificacións:

- a) Axuda de seiscentos (600) euros ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, no suposto de que as rendas e ingresos da beneficiaria sexan de contía igual ou inferior ao IPREM ou no caso de que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- b) Axuda de catrocentos (400) euros ao mes, ata un máximo de doce mensualidades, cando as rendas e ingresos da beneficiaria sexan superiores ao IPREM e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM.
- c) Douscentos (200) euros ao mes, ata un máximo de doce mensualidades, cando as rendas e ingresos da beneficiaria estean comprendidos entre o dobre e o triplo do IPREM.

As contías establecidas no punto anterior incrementaranse en cincuenta (50) euros ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.

Presentación de solicitudes: As solicitudes según o Anexo I (Ver "Máis Información"), xunto coa documentación requerida, dirixiranse á Secretaría Xeral da Igualdade e presentaranse no Rexistro Único da Xunta de Galicia, ou nos departamentos territoriais da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local. No caso de envío por correo, na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar farase constar, con claridade, o nome da oficina de correos e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

Prazo de presentación: do 1 de abril ao 31 de outubro de 2010, ambos incluídos.

Publicación: DOG Nº 61, Mércores, 31 de marzo de 2010

Máis Información: [D.O.G.](#)

Secretaría Xeral da Igualdade: correo electrónico igualdade@xunta.es. Teléfono 900 40 02 73.